

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, 10/PL-000003)**
- Punto 2. Proposicións non de lei**
- 2.1 855 (10/PNC-000074)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos traballos de estudo e documentación para a ampliación da Rede Natura 2000
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 2.2 6885 (10/PNC-000699)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos axentes medioambientais da Xunta de Galicia e a súa frota de vehículos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 2.3 8120 (10/PNC-000854)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 4 máis
Sobre a execución pola Xunta de Galicia das actuacións necesarias para arranxar e garantir a seguridade viaria da estrada LU-170, no tramo comprendido entre Cabreiros e Momán, así como para posibilitar o acceso de vehículos especiais ao polígono industrial de Xermade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 2.4 8193 (10/PNC-000861)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a execución polo Goberno galego das melloras precisas na estrada PO-308 para o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017
- 2.5 8391 (10/PNC-000880)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

07 XUÑ. 2017

Núm. 2923

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do primeiro semestre de 2017, das obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, do seu contorno natural, incluída a praia de Lavapanos, do muro de contención e das vivendas lindadeiras afectadas pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

2.6

8749 (10/PNC-000928)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en coordinación co Ministerio de Fomento e o Concello de Redondela, dun proxecto de mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil da estrada N-550 ao seu paso por Cesantes e, nomeadamente, no contorno do CEIP Outeiro das Penas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017

2.7

9109 (10/PNC-000953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no horizonte de 2018, así como sobre o estudo da posibilidade de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 07/06/2017 12:36:57

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, 10/PL-000003)

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 855(10/PNC-000074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos traballos de estudo
e documentación para a ampliación da Rede Natura 2000.

(Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 16:49
Nº Rexistro: 855
Data envío: 07/11/2016 16:49:30.902

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputadas e deputada, **Jaime Castiñeira Broz**, **Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, **Martín Fernández Prado**, **Marta Nóvoa Iglesias** e **Álvaro Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A Rede Natura 2000 é unha rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade. Consta de Zonas Especiais de Conservación (ZEC) establecidas de acordo coa Directiva Hábitat e de Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) designadas en virtude da Directiva Aves.

A súa finalidade é asegurar a supervivencia a longo prazo das especies e dos tipos de hábitat en Europa, contribuíndo a deter a perda de biodiversidade. É o principal instrumento para a conservación da natureza na Unión Europea.

Actualmente en Galicia, a Rede Natura 2000 está conformada por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e 59 zonas especiais de conservación (ZEC). As 16 ZEPA abranguen 101.134,9 hectáreas, especialmente nos ecosistemas costeiros, áreas de montaña e zonas húmidas do interior. En canto ás ZEC, estas suman unha superficie total de 374.434,8 hectáreas.

Mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, declaráronse ZEC os 59 LIC existentes en Galicia e aprobouse o seu correspondente instrumento de xestión.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 16:49
Nº Rexistro: 855
Data envío: 07/11/2016 16:49:30.902**

Aínda que en conxunto, a superficie galega incluída na Rede Natura supón preto do 12% do territorio da Comunidade Autónoma, compre avanzar na ampliación dos espazos protexidos para preservar e mellorar o estado de conservación dos hábitats e especies de interese comunitario.

Por isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os traballos de estudo e documentación para a ampliación da Rede Natura 2000”.

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2016 16:36:02

Jaime Castiñeira Broz na data 07/11/2016 16:36:12

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/11/2016 16:36:19

Martín Fernández Prado na data 07/11/2016 16:36:33

Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2016 16:36:50

Álvaro Pérez López na data 07/11/2016 16:36:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 6885(10/PNC-000699)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos axentes medioambientais da Xunta de Galicia e a súa frota de vehículos

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**, sobre as funcións que os Axentes Medioambientais non poden exercer por culpa de directrices da propia consellería e por falta de material.

Os axentes medioambientais son funcionarios e funcionarias que ostentan a condición de axente da autoridade pertencente a Administración Pública galega, e que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico tal e como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Axuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal.

Na actualidade o Corpo de Axentes Medioambientais está formado por uns 540 axentes, dos e das cales, uns 380 están adscritos a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural. O resto, uns 160 axentes, atópanse adscritos a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O marco competente dos e das axentes medioambientais abrangue leis que van dende a Lei de Montes de Galicia, Incendios Forestais de Galicia, Conservación da Natureza, Caza de Galicia, Pesca Fluvial, ou Protección de Animais domésticos e Salvaxes en Catividade.

As competencias dos e das axentes nos distintos ámbitos (ordenación e produción forestal, patrimonio natural, etc...) son múltiples e de vital importancia para a supervivencia e protección do medio natural, e cultural dos montes de Galiza nos 19 Distritos Forestais que existen no país.

Existe unha falta clara e absoluta de directrices dirixidas o colectivo. Non existen coordinadores entre as direccións Xerais, Distritos e Xefaturas de Conservación da Natureza que “encaucen”, supervisen e dirixan as mesmas.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Preposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Dotar a flota de vehículos dos e das Axentes Medioambientais das cores que tiveron tradicionalmente (dous verdes) xunto co vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo o que pertencen (incendios, conservación da natureza, montes, etc,,).
- 2.- Dotar á flota de vehículos dos e das Axentes Medioambientais con sistemas de iluminación prioritaria.
- 3.- Dotar as e os Axentes Medioambientais da Xunta de Galicia dunha uniformidade regulamentada como outros corpos de Policía Administrativa da Xunta.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 11:22
Nº Rexistro: 6885
Data envío: 22/03/2017 11:22:25.603

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/03/2017 11:12:35

Marcos Cal Ogando na data 22/03/2017 11:12:47

Antón Sánchez García na data 22/03/2017 11:13:01

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 8120(10/PNC-000854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia das actuacións necesarias para arranxar e garantir a seguridade viaria da estrada LU-170, no tramo comprendido entre Cabreiros e Momán, así como para posibilitar o acceso de vehículos especiais ao polígono industrial de Xermade

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:19
Nº Rexistro: 8120
Data envío: 20/04/2017 12:19:45.102



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Concepción Burgo López, Luis Álvarez Martínez, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e María Luis Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A veciñanza de Xermade levan moitos anos solicitando da Xunta de Galicia que arranxe a estrada LU-170 no seu tramo Cabreiros-Momán que se atopa nun estado deplorable e perigoso cun firme deteriorado, curvas de difícil trazado e un ancho deficiente.

Todo isto pon en perigo aos 200.000 usuarios da estrada que é tamén o vial de comunicación entre Viveiro e Santiago e provoca unha situación que non é xa aceptable, máxime cando o estado desta estrada está impedindo a entrada de vehículos especiais ao polígono industrial de Xermade.

O PP e a Xunta de Galicia prometeron arranxala xa en 2011, incluso foi publicado un proxecto no DOG no que se contemplaba facer as seguintes accións:

- Construción dunha nova glorieta, que permita modificar a intersección entre a LU-170 coa LU-2205 a Miraz, e a LU-2213 co parque empresarial de Xermade.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Definición de novos cambios de sentido.
- Mellora de interseccións existentes por medio de cuñas de cambio de velocidade.
- Reforzo do firme.

Nada disto foi feito. Unha vez máis o PP incumpriu as súas promesas, ao igual que incumpriu o compromiso feito en 2015 de facer varias melloras na estrada.

É evidente que o PP fai as promesas tan só por motivos electorais, esquecendo despois á veciñanza e ás súas necesidades.

O presidente Feijoo afirmou en varias ocasións que esta sería a lexislatura do rural pero non está a demostrar isto con feitos. Apoiar ao rural necesita de inversións que permitan desenvolver a súa economía, como é o caso porque non arranxar esta estrada está paralizano o polígono industrial. Neste senso o seu arranxo sería un impulso ao tecido empresarial de Xermade, ademais de beneficiar aos concellos do seu trazado.

Foron moitas as peticións da veciñanza para facer esta obra e agora de novo, se poñen de acordo todos os grupos políticos do Concello de Xermade para solicitala porque é absolutamente necesaria.

Consideramos que xa é hora de que o Goberno do PP cumpra as súas promesas tantas veces repetidas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:19
Nº Rexistro: 8120
Data envío: 20/04/2017 12:19:45.102



 Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a arranxar de forma urxente a estrada LU-170 entre Cabreiros e Momán de maneira que sexa segura para todos os usuarios e permita o acceso de vehículos especiais ao polígono industrial de Xermade.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luis Pierres López

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María de la Concepción Burgo López na data 20/04/2017 12:10:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/04/2017 12:11:03

José Antonio Quiroga Díaz na data 20/04/2017 12:11:44

Raúl Fernández Fernández na data 20/04/2017 12:11:53

María Luisa Pierres López na data 20/04/2017 12:11:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/04/2017 12:12:03

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 8193(10/PNC-000861)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a execución polo Goberno galego das melloras precisas
na estrada PO-308 para o cumprimento da normativa vixente en
materia de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Grupo Parlamentar de En Marea vimos denunciando, dende que comezou a lexislatura, que as estradas galegas non son seguras e que é preciso actuar sobre este problema.

Os datos non deixan lugar a dúbida: estamos á cabeza en canto a vías perigosas, somos a segunda comunidade do Estado con máis atropelos a peóns e ciclistas e o ano pasado morreron 15 persoas máis nas estradas galegas que no 2015.

A desgraciada morte dun ciclista na PO-308 ao seu paso por Poio os pasados días volveu a mobilizar a veciñas e colectivos para denunciar a inseguranza e as irregularidades desta vía de competencia da Xunta de Galicia.

A necesidade de investir en materia de seguranza viaria e facer cumprir as normativas existentes nesta estrada é unha reclamación que vén de moitos anos atrás, sen que as institucións estean a actuar dentro das súas competencias e obrigas.

Trátase dunha vella reivindicación das veciñas, pois é un dos tramos de maior perigosidade da rede de estradas galegas. Estamos a falar dun tramo de 15 Km



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 13:28
Nº Rexistro: 8193
Data envío: 24/04/2017 13:28:01.841



que soporta unha intensidade media de 22.000 vehículos e que durante o verán se duplica.

Existen tramos de 70 Km/h onde existen aparcamentos, faltan medidas de calmado de tráfico previo ás rotondas, faltan beirarrúas diante das casas, os pasos de peóns son insuficientes, e moitos dos que existen son deficientes e inseguros, falta iluminación e precisan ser desatascados os proxectos de sendas mixtas para peóns e ciclistas. Estas son algunhas das carencias e irregularidades detectadas nesta estrada por distintos colectivos que veñen denunciando a inseguridade desta vía.

Por todo o anteriormente exposto, presentamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a acometer as melloras precisas na PO-308 para dar cumprimento á normativa existente en materia de seguranza viaria”.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 13:28
Nº Rexistro: 8193
Data envío: 24/04/2017 13:28:01.841



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 24/04/2017 13:24:50

Antón Sánchez García na data 24/04/2017 13:24:58

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 8391(10/PNC-000880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do primeiro semestre de 2017, das obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, do seu contorno natural, incluída a praia de Lavapanos, do muro de contención e das vivendas lindeiras afectadas pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A praia da Carabuxeira e o seu entorno (incluída a praia de Lavapanos) precisan obras para a súa recuperación e rexeneración. Non só a praia, senón tamén as vivendas e o muro de contención afectados pola construción do Porto Deportivo de Sanxenxo, na provincia de Pontevedra. A praia leva perdendo area de tal forma que cómpren xa medidas correctoras tendentes a evitar o progresivo deterioro de aporte de area á fachada marítima, previo estudo de impacto ambiental.

A finais da década dos anos 90 finalizaba a construción do dique de abrigo do Porto Deportivo de Sanxenxo a cargo da empresa construtora “Dávila Lago, SA”, con 110 metros adicionais que non estaban previstos e que foron declarados ilegais, aínda que as obras foron paralizadas cando xa estaban executadas. Cómpre lembrar que o a ampliación do porto foi solicitada por Portos de Galicia. Despois de case 18 anos, este desastre medioambiental segue sen resolverse, a praia queda sen area, marea a marea, e corren perigo as cimentacións do muro e das vivendas -legais, por certo- que lindan coa praia e do muro de contención.

A maiores, existe un aval de case un millón de euros a cargo da empresa concesionaria (NAUTA SANXENXO, SL) -é dicir, depositado polo Concello de Sanxenxo-, a disposición e en mans da propia Administración de Costas do Estado e que debería ter sido executado xa en febreiro de 2016, segundo esta mesma administración. Mais non se ten feito.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Que, antes do remate do primeiro semestre de 2017, acometa -no ámbito das súas competencias propias- as obras para a recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira (Sanxenxo), o seu entorno natural (incluída a praia de Lavapanos), o muro de contención e as vivendas colindantes.

B) O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado e inste a que:

1. No ámbito das competencias estatais e antes do remate do primeiro semestre de 2017, acometa as obras necesarias para a recuperación e rexeneración.
2. Adopte as medidas correctoras tendentes a evitar o progresivo deterioro de aporte de area á mencionada fachada marítima, previo estudo de impacto ambiental.
3. Inclúa nos orzamentos para 2017 unha partida orzamentaria específica ou, no seu defecto, proceda á inmediata execución do aval de 901.518,16 euros que leva anos depositado polo Concello de Sanxenxo en mans da Administración de Costas do Estado.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 09:30
Nº Rexistro: 8391
Data envío: 27/04/2017 20:01:17.817



Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/04/2017 19:57:11

Julio Torrado Quintela na data 27/04/2017 19:57:15

Raúl Fernández Fernández na data 27/04/2017 19:57:20

María Luisa Pierres López na data 27/04/2017 19:57:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2017 19:57:29

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 8749(10/PNC-000928)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, en coordinación co Ministerio de Fomento e o Concello de Redondela, dun proxecto de mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil da estrada N-550 ao seu paso por Cesantes e, nomeadamente, no contorno do CEIP Outeiro das Penas

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 11:44
Nº Rexistro: 8749
Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A estrada N 550 presenta numerosos problemas relacionados coa mobilidade peonil e a seguranza viaria, por tratarse dunha vía que ten unha moi elevada intensidade de tráfico e que atravesa numerosos núcleos de poboación. O treito comprendido entre o lugar de Paredes (concello de Vilaboa) e a intersección coa N552 en Redondela figura entre as zonas de maior concentración de accidentes do informe anual de EuroRAP sobre o nivel de risco en vías que forman parte da Rede de Estradas do Estado, sobre o que xa existe un acordo unánime da comisión 2ª do parlamento galego.

2. Ao paso da N 550 por Cesantes (concello de Redondela) danse unha serie de graves deficiencias en materia de mobilidade peonil e seguridade viaria, entre as que cabe salientar as seguintes:

- Inexistencia de beirarrúas na maior parte do trazado da vía.
- Inexistencia de pasos de peóns seguros e de medidas de redución e calzado da velocidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 11:44
Nº Rexistro: 8749
Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

- Ubicación na contorna da estrada do centro cultural e dun colexio de educación infantil e primaria, sen as máis elementais medidas de accesibilidade peonil segura.

- Intersección co Camiño Xacobeo Portugués nunha zona catalogada como punto negro polo perigo que supón cruzar a estrada 550.

3. A maiores, o acceso ao colexio pola estrada provincial que conecta a N 550 co lugar do Viso, presenta deficiencias e problemas de mobilidade e accesibilidade peonil. A carencia máis grave está relacionada co insuficiente espazo de estacionamento na entrada do centro escolar e o feito de que os autobuses accedan ao centro en manobra de marcha atrás, co conseguinte risco para as persoas que se desprazan a pé. Esta situación podería resolverse coa adquisición dun terreo lindante co colexio, que podería utilizarse como zona de estacionamento e de acceso dos autobuses.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a coordinarse co concello de Redondela e o Ministerio de Fomento para, no prazo de seis meses, elaborar un proxecto de mellora da seguranza viaria e a mobilidade peonil na N 550 ao seu paso por Cesantes (Redondela) e nomeadamente na contorna do colexio de educación infantil e primaria Outeiro das Penas.

O citado proxecto contemplará, cando menos, as seguintes actuacións:

1. Mellora da mobilidade peonil e da seguranza viaria na contorna da N 550 ao seu paso por Cesantes coa dotación de beirarrúas e o establecemento de medidas de redución efectiva da velocidade.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 11:44
Nº Rexistro: 8749
Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

2. Procura dunha solución segura á intersección da Camiño Portugués coa N 550 no cruzamento coa estrada de subida ao Viso.

3. Adquisición dos terreos necesarios para a ampliación da zona de estacionamento e entrada ao colexio desde a estrada provincial, para facilitar a manobra segura dos autobuses e das persoas que acceden a pé ao centro educativo.”

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2017 11:39:33

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2017 11:39:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2017 11:44
Nº Rexistro: 8749
Data envío: 08/05/2017 11:44:18.093

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2017 11:39:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2017 11:39:46

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2017 11:39:49

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2017 11:39:51

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 14.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.7 9109(10/PNC-000953)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no horizonte de 2018, así como sobre o estudo da posibilidade de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 10:57
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 15/05/2017 10:57:31.356

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A loita contra o cambio climático é un dos grandes desafíos do noso tempo. Para combater esta ameaza, é preciso desenvolver unha estratexia política integral e transversal que aposte por transformacións profundas e duradeiras no modelo económico, ambiental e social.

Unha estatexia destas características debe incidir en aspectos que son centrais para combater o deterioro ambiental, preservar os ecosistemas, mellorar a calidade de vida, e promover a actividade económica e o emprego en sectores emerxentes e con grande potencialidade de crecemento.

2. Desde o punto de vista do BNG é urxente planificar e coordinar as actuacións cando menos nos seguintes ámbitos:

a) Modelo enerxético que favorece e promova as enerxías limpas e renovábeis e que responda as necesidades da sociedade e da economía galega



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 10:57
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 15/05/2017 10:57:31.356

b) Modelo de mobilidade que prime as formas de mobilidade sustentábel, saudábel e segura: a mobilidade natural, o transporte público e o ferrocarril. No caso do transporte de mercadorías, cómpre facer unha aposta decidida polo ferrocarril.

c) Modelos urbanos compactos, que primen a cohesión social e a convivencia nos espazos públicos, fomentando o consumo e a residencia de proximidade, e a ubicación racional dos equipamentos e servizos.

d) Modelo de ordenación e xestión do monte que favoreza a multifuncionalidade, a protección dos solos, a conservación da biodiversidade, a eliminación e prohibición das especies exóticas invasoras, e a produción de bens de alto valor engadido.

e) Protección da biodiversidade mediante a ampliación dos espazos naturais protexidos até unha porcentaxe de cando menos o 20% do territorio na actual lexislatura.

f) Un novo modelo de xestión do ciclo da auga, que incida na calidade e dispoñibilidade deste recurso fundamental para a vida e a actividade económica.

g) Un novo modelo de xestión e tratamento dos residuos, tanto no que atinxe aos de orixe industrial, aos procedentes da actividade do sector primario, e aos residuos sólidos urbanos, que prime a redución, a reutilización e a reciclaxe, así como a potenciación do tratamento de proximidade e a compostaxe dos biorresiduos.

h) Desenvolvemento de políticas de ordenación do territorio e dos usos do solo que teñan en conta as actividades tradicionais e sustentábeis, a cohesión social e o equilibrio territorial, o impacto das infraestruturas, dos equipamentos e dos



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 10:57
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 15/05/2017 10:57:31.356

servizos, e a protección de espazos de alto valor ecolóxico como humidais e marismas.

Ao mesmo temo, desde o goberno galego débense promover liñas de actuación política encamiñadas a minimizar o impacto ambiental das actividades industriais e a fomentar hábitos de vida e de consumo que incidan na redución da pegada de carbono e dos gases de efecto invernadoiro.

3. No tocante á xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos, a Xunta de Galiza apostou por un sistema centralizado, costoso e ineficiente, que ten elevados custos económicos, sociais e ambientais, e que incumpre a normativa estatal e europea sobre esta materia, pola imposibilidade de cumprir o obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos antes de 2020.

O BNG considera necesario promover e potenciar o tratamento *in situ* ou no ámbito máis próximo dos residuos sólidos urbanos, nomeadamente no caso dos biorresiduos. A deputación de Pontevedra puxo en marcha un programa pioneiro denominado Revitaliza, que ten como obxectivo implantar a compostaxe como sistema de tratamento dos residuos urbanos biodegradábeis.

O propio plan de xestión de residuos sólidos urbanos 2011-2020 da Xunta de Galicia contempla, na actualización de 2016, a necesidade de 12 plantas de compostaxe así como outras fórmulas como a compostaxe *in situ* (domiciliaria e comunitaria).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 10:57
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 15/05/2017 10:57:31.356

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a

1. Establecer a compostaxe (domiciliaria, comunitaria e en planta) como sistema universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no horizonte do ano 2018, aprobando as modificacións legais e normativas oportunas.

2. Abrir un proceso de diálogo coa Deputación de Pontevedra para estudar a posibilidade de colaborar no desenvolvemento do plan Revitaliza e amplialo ao resto do territorio galego.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/05/2017 10:53:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 10:57
Nº Rexistro: 9109
Data envío: 15/05/2017 10:57:31.356

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2017 10:53:49

Olalla Rodil Fernández na data 15/05/2017 10:53:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/05/2017 10:53:59

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2017 10:54:02

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2017 10:54:04